

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 14 DE DECEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., polo que se establece a achega extraordinaria para mitigar o impacto da subida de tarifas no ano 2024 e se regulan as bonificacións da peaxe das autoestradas A Coruña - Carballo (AG-55) e Puxeiros - Val Miñor (AG-57).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Tomiño da estrada PO-195, incluíndo o seu dominio público viario, agás os nós de conexión coa PO-552 no seu inicio e final.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Fornelos de Montes da estrada provincial EP-2802 acceso a Calvos, desde o p.q. 0+000 ao p.q. 0+356.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2023 do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación GDR Valdeorras para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino: "Valdeorras, Ruta do Viño milenaria" no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura e o establecemento dos pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, nos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e 58 federacións deportivas galegas, para a promoción e desenvolvemento das súas modalidades deportivas, por importe total de catro millóns catrocentos sesenta e cinco mil cincocentos vinte catro euros (4.465.524,00 €), tramitados como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura e o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Piragüismo, para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2024, por importe de cincocentos sesenta e cinco mil cento sesenta euros (565.160,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de axuda ao alugamento de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria, por un importe de vinte millóns de euros (20.000.000,00€) e se autoriza a superación da porcentaxe establecida de pagamentos parciais do artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba a oferta de emprego público da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondente ao ano 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ponteareas para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación de "Rede de saneamento nos núcleos da Freixa, O Souto e O Eido. Parroquia de Ribadetea. fase I. Ponteareas (Pontevedra)", cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, tramitado como expediente anticipado de gasto, por importe dun millón seiscentos sesenta e nove mil setecentos corenta e seis euros e sesenta e oito céntimos (1.669.746,68 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cerdedo-Cotobade para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación "Ampliación da rede de saneamento en A Torre Vella. Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)", cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, mediante tramitación anticipada de gasto, por importe de trescentos setenta e sete mil catrocentos once euros con trinta e cinco céntimos (377.411,35 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Salvaterra de Miño para a execución da actuación "Mellora das infraestruturas de saneamento no Concello de Salvaterra de Miño. Nova EDAR do Mendo. Salvaterra do Miño (Pontevedra)", cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, mediante tramitación anticipada de gasto, por importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto "Arteixo H2V" de construción dunha planta de xeración de hidróxeno verde, promovido por Accionaplug S.L., no concello de Arteixo (A Coruña).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación dos límites regulados nos artigos 62.2 e 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, en relación coas axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do Sistema universitario de Galicia pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, por un importe total de once millóns oitocentos noventa e tres mil douscentos euros (11.893.200,00€) mediante tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza eximir da obriga da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, así como a superación do límite do 80 % nos pagamentos parciais, segundo o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e pola que se procede á súa convocatoria para o exercicio 2024 por importe de vinte e un millóns oitenta e cinco mil euros (21.085.000€).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación dos límites regulados no artigo 62.2 e 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, en relación coas axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de catorce millóns novecientos sesenta e seis mil cincocentos euros (14.966.500 €) e se autoriza a exención da presentación de garantías para os pagamentos á conta, mediante tramitación anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, non suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria/ anticipado de gasto das obras de ampliación do IES Plurilingüe Aquis Celenis de Caldas de Reis (Pontevedra), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 60 %, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2021-2027. Obxectivo político 4. Prioridade 4A. Obxectivo específico 4.2. Liña de actuación 4.2.01, Ámbito de intervención 43. Anticipado de gasto. ED 03/24 O, por importe de cinco millóns cincocentos vinte e catro mil sesenta e catro euros con noventa e un céntimos (5.524.064,91€) (IVE incluído) e un valor estimado de catro millóns cincocentos sesenta e cinco mil trescentos corenta e dous euros con noventa céntimos (4.565.342,90€).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso e gasto de carácter plurianual derivado do proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e se convocan para o período 2024-2025, por importe total de catrocentos sesenta e tres mil setecentos cincuenta e sete euros (463.757,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social da execución do programa Espazos de Preservación Familiar, cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 para os anos 2024 a 2028. Importe do orzamento do programa: catro millóns trescentos cincuenta mil oitocentos sesenta e un euros con cincuenta e sete céntimos (4.350.861,57€). Valor estimado: nove millóns cincocentos corenta e catro mil seiscentos oitenta e sete euros con oitenta e cinco céntimos (9.544.687,85€), medinte tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material de incontinencia urinaria, por un importe total de licitación de vinte e cinco millóns catrocentos setenta e nove mil novecentos setenta e nove euros con trinta e seis céntimos, con IVE (25.479.979,36 €) e un valor estimado de corenta e dous millóns cincocentos oitenta e seis mil oitocentos vinte e cinco euros con corenta e dous céntimos, sen IVE (42.586.825,42 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a eximir da constitución de garantías e superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados do Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2024, por importe total de trescentos trinta mil euros (330.000,00 €) e tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, tramitación anticipada de gasto.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o seguimento de procesos selectivos 2020-2023.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe sobre a proposta de oferta de emprego público docente para o ano 2024.
- Informe sobre o Plan de promoción da investigación e da transferencia do Sistema universitario de Galicia. Plan iTransfer.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proceso selectivo para a categoría de facultativo especialista de atención primaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINARÁ 5,5 M€ PARA A CONXELACIÓN DAS PEAXES DAS AUTOESTRADAS AUTONÓMICAS EN 2024 E PARA MANTER AS BONIFICACIÓNS XA VIXENTES

- Benefician aos usuarios das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Vigo-Baiona (AG-57), que continuarán sendo das máis baixas de España
- O presidente destaca que o esforzo da Xunta permite evitarlles aos preto de 28.000 usuarios diarios destas dúas vías autonómicas unha suba das peaxes do 3,3 % como consecuencia do IPC a partir do 1 de xaneiro
- Precisa que un usuario habitual da autoestrada Vigo-Baiona aforrará 235 € en 2024 e 343 € no percorrido A Coruña-Carballo, unhas cifras que aumentarán a 560 € ou máis de 800 €, respectivamente, para familias numerosas ou viaxes nocturnas
- Esta medida súmase ás xa tomadas en 2022 e en 2023 para mitigar o impacto da inflación sobre as tarifas das autoestradas autonómicas
- O convenio autorizado hoxe tamén posibilitará manter o vindeiro ano as bonificacións habilitadas por recorrencia, en horario nocturno ou para as familias numerosas

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a autorización por parte do Consello da Xunta do convenio coa concesionaria Autoestradas de Galicia para manter conxeladas en 2024 as peaxes nas autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57) e continuar aplicando as bonificacións activas. Deste xeito, segundo precisou, o Executivo autonómico vai destinar o vindeiro ano 5,5 M€ a estas dúas actuacións, "beneficiando aos preto de 28.000 usuarios diarios destas dúas vías".

Esta medida dálle continuidade á impulsada o ano pasado pola Xunta para reducir á metade a suba establecida para 2022 e conxelar as tarifas que se aplicaron en 2023 co fin de mitigar o impacto na economía das familias por mor da crise enerxética, de abastecemento e de prezos de materiais.

Dada a incerteza no contexto de prezos e polo tanto no custo da vida cara ao ano 2024, e tendo en conta que o incremento do IPC suporía o aumento do 3,3 % das tarifas das autoestradas autonómicas, o Goberno galego volve efectuar a conxelación das peaxes para o vindeiro exercicio.

Deste xeito, as peaxes en AG-55 e AG-57 manteñen as tarifas vixentes para os distintos itinerarios, beneficiándose do efecto desta medida nos diferentes treitos.

Bonificacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este convenio hoxe aprobado posibilitará continuar tamén coa aplicación das distintas liñas de bonificacións impulsadas pola Xunta nas autoestradas autonómicas, que seguirán sendo as máis baratas de Galicia e das máis económicas de España.

O Goberno galego ampliou no ano 2021 o desconto do 25 % da volta, e do 50 % na segunda volta, aos usuarios recorrentes ata as 24 horas posteriores á realización da viaxe de ida.

Con esa modificación, estendeuse ás 24 horas despois do traxecto de ida o desconto do 25 % da viaxe de volta, e do 50 % na segunda viaxe de volta. Reforzouse, así, o anterior período de bonificación que establecía que a volta debía realizarse no mesmo día natural que a ida, favorecendo as persoas que se desprazan por estas vías para acceder aos servizos públicos ou acceder ao seu lugar de traballo.

Tamén están en vigor a bonificación ás familias numerosas nas estradas autonómicas, descontando o 100 % da viaxe de volta a este colectivo.

Estes descontos son compatibles con outras bonificacións en funcionamento como a rebaixa do 50 % en horario nocturno.

Aforros para as persoas usuarias

O presidente da Xunta salientou que a posta en marcha da conxelación de tarifas e das bonificacións para usuarios recorrentes nas autoestradas autonómicas permitirá, por exemplo, que un usuario habitual da autoestrada Vigo-Baiona aforre uns 235 € en 2024, unha cifra que se eleva ata os 343 € no percorrido A Coruña-Carballo.

No caso de que se traten de viaxes nocturnas ou de familias numerosas, o aforro será aínda maior. Así, por exemplo, un membro de familia numerosa aforrará case 560 € no ano 2024 no percorrido Vigo-Baiona "e máis de 800 € no percorrido A Coruña-Carballo", precisou o titular do Executivo galego.

No período entre 2022 e 2024, un usuario habitual da autoestrada Vigo-Baiona terá aforrados uns 570 € ao final do vindeiro ano, entre os tres exercicios, e ata 814 € no traxecto A Coruña-Carballo. Se se trata dunha familia numerosa, o aforro aumentará a 1.527 € para a o itinerario Vigo-Baiona e a 2.280 € para A Coruña-Carballo.

Mesma reclamación ao Goberno central para as autoestradas estatais AP-9 e AP-53

O presidente da Xunta animou ao Goberno central a seguir o mesmo exemplo da Comunidade galega nas autoestradas de titularidade estatal, como é o caso da AP-9 e da AP-53, sobre a que advertiu que é "a máis cara da España". "Igual que hai unha peaxe na sombra no treito autonómico da conexión entre Santiago e Ourense, na AG-53, entre Dozón e Ourense, pedímoslle ao Goberno de España que faga exactamente o mesmo no treito estatal desa conexión, entre Santiago e Dozón", argumentou o mandatario galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES DO TREITO INICIAL DA ESTRADA PROVINCIAL DE ACCESO A CALVOS

- Transfírense á entidade local o treito de 356 metros de lonxitude da EP-2802
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao decreto polo que se aproba a transferencia a prol do Concello de Fornelos de Montes do treito inicial da estrada provincial de acceso a Calvos.

O Concello de Fornelos de Montes e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a obriga de solicitar a transferencia de titularidade deste viario.

Concretamente, transfírense a prol do concello o treito da vía provincial EP-2802, desde o punto quilométrico 0 ao 0+356.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade destes treitos.

A transferencia a prol do Concello de Fornelos de Montes tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE TOMIÑO DA ESTRADA PO-195 AO SEU PASO POR FORCADELA

- Transfírese un treito de algo máis de 1,5 quilómetros desta vía autonómica co seu dominio público viario, incluíndo a obra de paso sobre o río do Hospital da Briña, agás os nós de conexión coa PO-552 no seu inicio e final
- O cambio de titularidade materialízase tras completar a Xunta en agosto deste ano as obras de mellora de seguridade viaria e da mobilidade coa execución dunha senda peonil no treito antigo da PO-552, de 390 metros pola marxe esquerda da vía
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nese treito da vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade a prol do Concello de Tomiño da estrada PO-195 en Forcadela, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 0+020 e o 1+530, incluído o seu dominio público viario.

En concreto, transfírese un treito desta vía autonómica de algo máis de 1,5 quilómetros de lonxitude, no que se inclúe a obra de paso sobre o río do Hospital da Briña, agás os nós de conexión coa PO-552 no seu inicio e final.

Esta transferencia autorízase logo de rematar a Xunta en agosto deste ano as obras de construción dunha senda peonil ao seu paso por Forcadela, que supuxo un investimento autonómico de preto de 50.000 euros.

Esta intervención de mellora da seguridade e da mobilidade permitiu habilitar un itinerario peonil nun treito antigo da PO-552, de 390 metros de lonxitude na marxe esquerda da vía, entre o cruzamento coa PO-552, no quilómetro 0+050, e a beirarrúa existente no quilómetro 0+440.

Concretamente, habilitouse unha nova senda de formigón duns 2 metros de largo mínimo, mantendo a calzada de dous carrís. O novo itinerario é de uso compartido, para peóns e ciclistas non deportivos.

Nesta intervención buscouse adaptar a senda á rasante existente e executouse separada por un bordo elevado uns 6 centímetros e unhas beiravías que non superan 0,5 metros na marxe sobre a que se actuou. Para acadar este obxectivo, readaptouse lixeiramente a drenaxe da plataforma, para o que se dispuxeron sumidoiros conectados ás obras de drenaxe transversal.

Ademais, como as obras de drenaxe transversal existentes estaban bastante próximas á calzada, os traballos incluíron a execución dunha pasarela de madeira que cubre a canle de rega entre os quilómetros 0+100 e o 0+120, permitindo o paso de peóns. Deste xeito,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o largo do novo itinerario vai desde 2 metros nos seus extremos coa senda de formigón ata os 3,6 metros para permitir unha correcta ancoraxe no terreo adxacente á canle de rega.

Co cambio de titularidade, o Concello de Tomiño terá a competencia para actuar neste treito da estrada PO-195 ao seu paso por Forcadela e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A OFERTA DE 19 PRAZAS DE FUNCIONARIO SANITARIO DA ESCALA DE SAÚDE PÚBLICA

- As prazas corresponden ás clases de inspector médico, licenciado en farmacia, psicoloxía, química, bioloxía e axudante técnico sanitario
- Con esta oferta, o departamento sanitario galego esgota a taxa máxima de reposición

O Consello da Xunta aprobou unha oferta da Consellería de Sanidade de 19 prazas de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e Administración sanitaria, relativa ao persoal sanitario funcionario incluído no ámbito da aplicación da Lei 17/1989, de creación de escalas do persoal sanitario.

Con esta oferta, o departamento sanitario galego esgota a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola normativa orzamentaria, e reforza áreas prioritarias como son a inspección sanitaria e a saúde pública.

As prazas que oferta Sanidade corresponden ás clases de inspector médico (5), licenciado en farmacia (4), psicoloxía (2), química (3), bioloxía (2), e axudante técnico sanitario (3).

O sistema selectivo será o de concurso oposición e respectará os principios de libre concorrência, igualdade, mérito e capacidade.

Os procesos selectivos que se deriven da execución do decreto hoxe aprobado articularanse en cada clase a través dunha convocatoria que incluírá os distintos sistemas de acceso: libre, promoción interna e discapacidade.

Sanidade ten previsto que a execución dos procesos selectivos correspondentes a este decreto se acumulen con ofertas futuras para poder convocar un maior número de prazas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN NOVO PLAN DE 1,5M€ PARA ATRAER UN TURISMO SUSTENTABLE A NOVE CONCELLOS DE VALDEORRAS

- O Consello dá luz verde a un convenio coa Asociación GDR Valdeorras para lanzar o Plan de sustentabilidade turística en destino ao redor da cultura vitivinícola
- Beneficiaranse os concellos do Barco de Valdeorras, A Rúa, A Veiga, O Bolo, Petín, Vilamartín de Valdeorras, Rubiá, Larouco e Carballeda de Valdeorras
- É unha das 13 estratexias que benefician a 80 concellos e que se inclúen no Plan territorial de enogastronomía de Galicia con fondos Next Generation

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración coa asociación GDR Valdeorras para a posta en marcha do Plan de sustentabilidade turística en destino por valor de 1,5M€ nos nove concellos da comarca que representa esta entidade. Baixo o lema Ruta do Viño Milenaria, incluírá medidas que potencien a posta en marcha de ferramentas de dixitalización que impulsen a ruta do viño na comarca, o turismo industrial, ou súa rede de miradoiros en puntos de interese paisaxístico e patrimonial, entre outras accións.

En concreto, o plan beneficiará os concellos do Barco de Valdeorras, A Rúa, A Veiga, O Bolo, Petín, Vilamartín de Valdeorras, Rubiá, Larouco e Carballeda de Valdeorras. O plan ten unha folla de ruta ata 2025 con medidas que xiren ao redor da enogastronomía. Prevé impulsar, por exemplo, a potencialidade como destino de observación do firmamento vencellado á cultura vitivinícola da comarca, reforzar a promoción do Camiño de Inverno, implementar medidas de dixitalización que permitan reforzar o destino, fomentar a súa riqueza natural como recurso turístico e mesmo medidas de mobilidade sustentable entre concellos, entre outras.

Esta nova folla de ruta inclúese no Plan territorial de sustentabilidade turística enogastronomía de Galicia que a Xunta lanzou este ano 2023. Cun investimento de 34,5M€ ata o ano 2025 enmárcase no Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar o financiamento europeo no camiño á transformación dixital e o incremento da competitividade dos destinos turísticos.

Este plan territorial galego inclúe a posta en marcha de medidas transversais destinadas ao sector de todo o territorio como axudas ao embelecemento e adecuación dos establecementos de produción enolóxica e alimentaria ou a potenciación da mobilidade sustentable, entre outras. Entre os compromisos do plan está, ademais, a posta en marcha de 13 Plans de sustentabilidade turística en destino -como o autorizado hoxe- dos cales se benefician un total de 80 concellos galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS TRANSFERENCIAS ÁS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE MEDRAN UN 3 % E VOLVEN ACADAR O MÁXIMO HISTÓRICO CON 5,2M€

No vindeiro 2024, a Secretaría Xeral para o Deporte ten proxectado un orzamento inicial de 56,2 millóns de euros, un orzamento que se incrementa un 28 % con respecto a 2023 (44 millóns de euros) e supón, por segundo ano consecutivo, o maior orzamento da historia do deporte galego

O Consello da Xunta deu luz verde aos convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinará coas respectivas federacións deportivas. En total son 59 as federacións deportivas que xa teñen autorizados os seus convenios para realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e tarefas que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade. Con todo, a Secretaría Xeral para o Deporte destinará en 2024 un total de máis de 5 millóns de euros (5.030.684 euros) nos convenios que subscribirá coas 59 federacións deportivas aos que hai que sumar 204.000 euros que van destinados á Federación Galega de Ciclismo (70.000 euros para a Volta ciclista a Galicia) e á Federación Galega de Automobilismo (134.000 euros para os diferentes rallys que se celebrarán en Galicia), que neste ano sufráganse de xeito excepcional por outro capítulo. Deste xeito, a Xunta destina un total de 5,23 millóns de euros para que as federacións deportivas de Galicia poidan realizar a súa actividade deportiva, o que supón unha subida do 3 % con respecto a 2023 e un novo máximo histórico destinado ás federacións. Cómpre salientar ademais que, por segundo ano consecutivo, as federacións reciben unha contía superior aos 5 millóns de euros, algo que non ocorría desde 2010. O Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan desfrutar do 90 % do pagamento de xeito anticipado.

Este orzamento é distribuído atendendo a criterios obxectivos, como son o número de licenzas totais, licenzas femininas e licenzas de deportistas con discapacidade existentes na federación, o número de clubs participantes en competicións oficiais, os de campionatos de España e competicións internacionais organizadas, os deportistas da federación que formen parte das seleccións deportivas, o número de deportistas galegos de alto nivel ou de deportistas de alto nivel da federación ou, entre outros criterios obxectivos, as actividades de promoción e fomento realizadas nas actividades en idade escolar. Do mesmo xeito, tamén son financiados os proxectos de especial relevancia (PER) de cada federación -campionatos e eventos deportivos de relevancia autonómica, estatal e internacional, que se celebrarán na nosa comunidade e que contribuirán a situar a Galicia como referencia no ámbito deportivo e competitivo-.

Os 59 convenios autorizados na sesión de hoxe son os das federacións deportivas galegas de actividades subacuáticas (21.542 euros), aeronáutica (14.855 euros), atletismo (287.908 euros), automobilismo (51.882 euros), bádminton (108.300 euros), baile

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

deportivo (28.235 euros), baloncesto (297.204 euros), balonmán (224.708 euros), béisbol e sófbol (14.160 euros), billar (23.115 euros), bolos (24.973 euros), boxeo (34.932 euros), caza (34.431 euros), ciclismo (136.497 euros), colombicultura (3.825 euros), colombofilia (8.226 euros), deporte adaptado (88.936 euros), deportes autóctonos (21.189 euros), deportes de inverno (9.565 euros), esgrima (38.448 euros), espeleoloxía (18.377 euros), esquí náutico (9.948 euros), fútbol (291.552 euros), golf (55.309 euros), halterofilia (68.117 euros), hípica (80.391 euros), hóckey (66.692 euros), judo e deportes asociados (158.284 euros), karate e deportes asociados (79.412 euros), kickboxing (22.761 euros), kung-fu (36.075 euros), loita e deportes asociados (116.833 euros), montañismo (33.903 euros), motociclismo (67.953 euros), motonáutica (36.003 euros), natación (184.299 euros), orientación (27.817 euros), pádel (42.465 euros), patinaxe (63.314 euros), pelota (12.242 euros), pesca e cásting (17.025 euros), petanca (13.999 euros), piragüismo (565.160 euros), remo (124.754 euros), rugby (53.326 euros), salvamento e socorrismo (24.264 euros), squash (72.426 euros), surf (71.361 euros), taekwondo (131.363 euros), tenis (121.577 euros), tenis de mesa (45.017 euros), tiro ao voo (6.702 euros), tiro con arco (54.502 euros), tiro olímpico (46.901 euros), triatlón e pentatlón moderno (184.942 euros), vela (305.329 euros), voleibol (91.424 euros), xadrez (61.701 euros) e ximnasia (94.233 euros).

No vindeiro 2024, a Secretaría Xeral para o Deporte ten proxectado un orzamento inicial de 56,2 millóns de euros, un orzamento que se incrementa un 28 % con respecto a 2022 (44 millóns de euros) e supón o maior orzamento da historia do deporte galego. Cómpre salientar que o orzamento deste 2023 da Secretaría Xeral para o Deporte xa fora récord conseguindo un aumento do 36 % con respecto a 2022.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS NOVAS AXUDAS DA XUNTA AO ALUGUEIRO CONVOCARANSE POR 20 M€ E PODERÁN SOLICITARSE A PARTIR DO 15 DE XANEIRO

- O Consello autoriza a súa convocatoria para 2024, cun orzamento anual que case cuadruplica a dotación deste ano e que permitirá chegar a uns 3.600 beneficiarios
- Como novidade, refórzase o carácter social destas subvencións, adaptándoas aos ingresos dos solicitantes e cubrindo por primeira vez ata o 60% da renda mensual no caso de determinados colectivos con especiais dificultades para acceder a un fogar
- O importe máximo do contrato de arrendamento poderá ser de ata 600, 550 ou 425 € mensuais, dependendo do concello no que se emprace a vivenda, e os ingresos da unidade de convivencia non poderán superar, con carácter xeral, os 25.200 € ao ano
- Grazas ás diferentes liñas de subvencións e ao actual parque público residencial, a Xunta axudará o ano que vén a unhas 10.000 familias galegas a vivir en alugueiro

A Xunta autorizou hoxe realizar unha nova convocatoria das axudas ao alugueiro, que poderán solicitarse a partir do 15 de xaneiro de 2024 e contarán cun orzamento de 20 millóns de euros. Deste xeito e grazas á incorporación de fondos propios da Comunidade, o programa disporá de 10 millóns para o vindeiro exercicio e doutros 10 millóns para 2025, o que supón case cuadruplicar a dotación anual da convocatoria de 2023 (2,7 M€).

Estes fondos permitirán chegar a un maior número de persoas, estimándose que haberá ao redor de 3.600 beneficiarios en toda Galicia. Pero, ademais, tamén se introducirán cambios substanciais na futura orde que permitirán cubrir en determinados supostos e por primeira vez o 60% do importe da renda mensual do alugueiro, cando ata o de agora a subvención era do 50%.

A tal fin, incrementarase en 10 puntos a porcentaxe da axuda que corresponda en caso de que o beneficiario pertenza a algún dos seguintes colectivos: menores de 36 anos, familias numerosas e monoparentais, emigrantes retornados a Galicia recentemente e cunha estadía mínima de 2 anos fóra de España, e persoas inscritas desde hai máis dun ano no Rexistro único de demandantes de vivenda protexida.

As novidades introducidas nas axudas ao alugamento de vivendas afondan no carácter social destes incentivos ao modular, por un lado, a porcentaxe subvencionada en función dos ingresos dos beneficiarios —un 30, un 40 ou un 50% do custo do arrendamento— e establecer, por outro, un suplemento de 10 puntos porcentuais no caso de colectivos que adoitan ter máis dificultades á hora de acceder a un fogar.

Deste xeito, búscase garantir un funcionamento máis xusto e distributivo do programa, tal e como demanda a situación económica actual, xa que se terán en conta os ingresos e as circunstancias persoais e familiares dos solicitantes en lugar de facer un reparto lineal entre todos.

Neste sentido e con carácter xeral, os ingresos da unidade de convivencia non poderán superar 3 veces o Iprem (25.200 €/ano) e canto máis baixos sexan, maior será a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

porcentaxe da renda subvencionada. En todo caso, o tope elevarase ata 4 ou 5 veces o Iprem no caso de familias numerosas ou que teñan algún membro cunha discapacidade.

A nova convocatoria limita tamén o prezo do arrendamento das vivendas para as que se solicita a axuda en función do concello no que estean localizadas. En concreto, no caso das 7 cidades, onde os prezos son máis altos, a renda máxima queda fixada en 600 euros; nos concellos da zona 1, que agrupa as vilas e os municipios de carácter urbano, o límite será de 550 euros; e no resto de Galicia o arrendamento non superará os 425 euros.

A modo de exemplo, as persoas que teñan dereito a unha axuda do 60% poderán recibir ata 360 euros ao mes para pagar o alugueiro se viven nunha cidade, un máximo de 330 euros no caso de concellos da zona intermedia e ata 255 euros mensuais nos restantes.

Estas subvencións concederanse por 12 meses e poderase solicitar a súa renovación para un segundo ano. Ademais, a concesión realizarase con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2024, aínda que a resolución teña unha data posterior.

Unha vintena de axudas

As axudas ao alugueiro serán as primeiras que convoque a Xunta co obxectivo de seguir facilitando o ano que vén o acceso dos galegos a unha vivenda. De feito, a convocatoria enmárcase no catálogo de incentivos previstos polo IGVS para o ano 2024, unha vintena de liñas de axudas e programas cun orzamento ampliable de máis de 56 millóns de euros, que se destinará a apoiar á cidadanía na compra e no alugueiro da súa residencia habitual e tamén na rehabilitación de inmobles e edificios destinados a vivenda.

En concreto, o Goberno galego cubrirá un ano máis o 100% da renda mensual de persoas vulnerables e con escasos recursos a través do Bono de alugueiro social, ao tempo que convocará varias liñas de axudas dirixidas a promotores públicos e privados para construír vivendas novas ou rehabilitar as xa existentes, sempre que se destinen a alugueiro a prezos accesibles durante un período determinado nas propias bases.

Só en materia de alugueiro e tendo en conta tanto as diferentes liñas de subvención existentes como o actual parque público residencial da Xunta –integrado por unhas 3.800 vivendas en alugueiro a prezos taxados–, o vindeiro ano estímase que unhas 10.000 familias recibirán o apoio do Goberno galego para o arrendamento da súa residencia habitual.

Así mesmo, o IGVS volverá apostar en 2024 por programas de éxito xa consolidados en Galicia, como as axudas directas para a compra de vivendas protexidas (ata 20.000 € por inmovible) e as subvencións para a adquisición da residencia habitual en centros históricos (ata 15.000 €) ou en municipios de menos de 10.000 habitantes (10.800 €).

Tamén convocará os avais para mozos cos que cubrir o 20% da hipoteca da súa primeira vivenda, e no eido da rehabilitación cómpre destacar, entre outros, os programas financiados con fondos europeos e destinados a mellorar a eficiencia enerxética de vivendas e edificios a través da execución de diferentes traballos de rehabilitación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA CRTVG CON 26 PRAZAS

Destas prazas, 14 pertencen á quenda xeral e outras 12 resérvanse para promoción interna

O Consello da Xunta autorizou a oferta de emprego público (OEP) da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) pola que se ofertarán 26 prazas, 14 da quenda xeral e 12 de promoción interna. Esta oferta esgota a taxa de reposición permitida pola Lei 31/2022 de orzamentos xerais do Estado para as sociedades mercantís públicas.

As 12 prazas de promoción interna, que serán obxecto de convocatoria separada, están destinadas a empregados e empregadas públicas que xa teñen un posto fixo na Administración.

En canto ás prazas de acceso libre, a previsión é ofertar 1 praza de produtor/a (nivel 1); 1 praza de titulado/a medio/a (nivel 2); 2 prazas de reporteiro/a gráfico/a (nivel 4); 2 prazas de técnico/a de control (nivel 4); 2 prazas de axudante de realización (nivel 5); 1 praza de técnico de son (nivel 5); 1 praza de oficial administrativo (nivel 6); 1 praza de operador/a montador/a de vídeo (nivel 7); 1 praza de auxiliar administrativo (nivel 7); 1 praza de iluminador/a (nivel 7) e 1 praza de oficial técnico/a electricista (nivel 7).

No que se refire ás prazas de promoción interna, ofertaranse 2 prazas de produtor/a (nivel 1); 2 prazas de realizador/a (nivel 1); 2 prazas de redactor/a (nivel 1); 1 praza de técnico/a de administración (nivel 3); 1 praza de técnico/a electrónico/a (nivel 4); 2 prazas de operador/a de posprodución (nivel 5); 1 praza de técnico de iluminación (nivel 5) e 1 praza de oficial administrativo/a (nivel 6).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE PONTEAREAS NAS OBRAS DE SANEAMENTO DA PARROQUIA DE RIBADETEA, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,7 M€

- O obxectivo é dotar de servizo de saneamento a toda a parroquia de Ribadetea, resolvendo os problemas detectados e eliminando os sistemas individuais existentes
- Unha vez asinado o convenio, a Xunta prevé licitar as obras para que poidan estar en execución no segundo semestre de 2024
- A Xunta achegará o 80 % do financiamento das intervencións, máis de 1,3 M€, e o Concello o 20 % restante, é dicir, algo máis de 330.000 €
- Acometeranse unha rede de saneamento nos núcleos da Freixa, O Souto e O Eido e a conexión coa rede de Ribadetea, que conduce as súas augas residuais á estación de bombeo da Freixa para dirixilas á depuradora da Moscadeira, na parroquia de Ponteareas
- Tamén se executarán dúas estacións de bombeo novas, en Mourade e A Freixa, e procederase á renovación dos equipos de bombeo na estación existente
- Este proxecto permitirá proporcionar un servizo de saneamento eficiente a unha poboación de 1.051 habitantes
- O saneamento de Ribadetea poderá executarse unha vez que está xa en desenvolvemento a nova depuradora de Ponteareas, que permitirá ampliar a capacidade de tratamento do sistema

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Ponteareas para executar a primeira fase do saneamento da parroquia de Ribadetea, que suporá un investimento de preto de 1,7 M€.

O obxectivo do acordo é dotar de servizo de saneamento a toda a parroquia de Ribadetea, resolvendo os problemas detectados e eliminando os sistemas individuais que existen na actualidade.

Unha vez asinado o convenio, a Xunta prevé licitar as obras para que poidan estar en execución no segundo semestre de 2024.

En relación coas obrigas dispostas na colaboración, a Xunta achegará o 80 % do financiamento das intervencións, máis de 1,3 M€, e o Concello o 20 % restante, é dicir, algo máis de 330.000€.

As actuacións serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política común de España 2023-2027 (PEPAC) en Galicia.

No que se refire aos compromisos establecidos no convenio, o Goberno galego, a través de Augas de Galicia, executará as obras, cun prazo de 6 meses, e tramitará os fondos europeos, financiando os gastos non elixibles que superen a achega municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuacións

De xeito máis detallado, as obras comprenden a execución dunha rede de saneamento nos núcleos da Freixa, O Souto e O Eido e a conexión coa rede existente na parroquia de Ribadetea, que conduce as súas augas residuais á estación de bombeo de augas residuais (EBAR) da Freixa para posteriormente dirixilas á depuradora da Moscadeira, na parroquia de Ponteareas.

Nesta primeira fase, proxéctanse dúas estacións de bombeo novas, en Mourade e A Freixa, e a renovación dos equipos de bombeo na EBAR existente.

Coa execución deste proxecto resolveranse os problemas de saneamento da parroquia de Ribadetea, eliminando os sistemas individuais que existen na actualidade.

A poboación beneficiada polas actuacións establecidas no convenio hoxe autorizado é de 1.051 habitantes, que contarán cun servizo de saneamento eficiente e acorde ás súas necesidades.

Esta nova colaboración da Xunta co Concello de Ponteareas súmase á que xa está en marcha para a construción da nova depuradora municipal e mellora do sistema de saneamento, que impulsa Acuaes por ser unha actuación de Interese Xeral do Estado. Augas de Galicia achega a esa actuación 2,3 M€ de fondos propios.

A construción desa nova depuradora é necesaria para que o sistema de depuración poida ampliar a súa capacidade de tratamento e recibir tamén as augas residuais procedentes da parroquia de Ribadetea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA COMPLETAR O SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TENORIO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 377.000 €

- Ampliarase o servizo de saneamento nos núcleos de Covas, A Torre Vella e O Río Tenorio, mediante a execución de 6 tramos de colectores de saneamento
- A Xunta achegará preto de 336.000 € e executará as obras, mentres que o Concello contribuirá coa cantidade restante, con algo máis de 41.500 €
- A entidade local debe realizar a tramitación municipal para que Augas de Galicia poida licitar as obras e inicialas no segundo semestre de 2024
- O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento, depuración e abastecemento para mellorar a calidade de vida dos seus veciños

O Executivo autonómico autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Cerdedo-Cotobade para completar o servizo de saneamento municipal da parroquia de Tenorio, cun investimento que supera os 377.000 euros.

O acordo aprobado na reunión semanal do Consello da Xunta permite a cooperación da Administración autonómica para ampliar o servizo de saneamento nos núcleos de Covas, A Torre Vella e O Río Tenorio mediante a execución de 6 tramos de colectores de saneamento.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación achegando preto de 336.000 euros. O Concello de Cerdedo-Cotobade contribuirá ao financiamento restante, destinando algo máis de 41.500 euros.

As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política común de España 2023-2027.

Augas de Galicia tamén levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución dos traballos, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración, e tras a sinatura do convenio, procederase á consecución da documentación municipal preceptiva: a posta á disposición de terreos, a aprobación municipal do proxecto e o trámite de información pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras isto, a Xunta poderá iniciar a tramitación e licitación das obras, cuxa execución se prevé iniciar no segundo semestre do 2024. Os traballos teñen un prazo de 6 meses.

As obras que se van acometer

No municipio de Cerdedo-Cotobade a entidade hidráulica da Xunta ten realizado recentemente unha serie de actuacións, entre as que se inclúe a execución dunha nova estación de tratamento de augas residuais, para a mellora da rede de saneamento municipal, incluídas no proxecto de melloras do saneamento na parroquia de Tenorio.

As intervencións obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico complementan as xa executadas, ampliando o servizo de saneamento municipal nos núcleos de Covas, A Torre Vella e O Río Tenorio mediante a execución de 6 tramos de colectores de saneamento.

As intervencións previstas pola Xunta comprenden a execución no tramo 1 dun colector que dará servizo ao núcleo de Covas. Esta condución atravesará a estrada N-541 mediante unha perforación horizontal dirixida.

No tramo 2 instalarase un colector para dar servizo a unha vivenda do núcleo de Covas; os tramos 3, 4 e 5 disporán de colectores que darán servizo a varias vivendas do núcleo O Río Tenorio; e no tramo 6 instalarase un colector para dar servizo a unha vivenda e conectar co treito 5.

A intervención inclúe tamén as reposicións necesarias, tanto de firmes como de servizos afectados, como o abastecemento, a telefonía e a electricidade.

O Goberno galego continúa mantendo o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos municipais de saneamento, depuración e abastecemento e continuar mellorando a calidade de vida dos seus veciños.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO NA MELLORA DO SANEAMENTO COA EXECUCIÓN DUNHA DEPURADORA E COLECTORES QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 2 M€

- O obxectivo é rematar o saneamento integral das parroquias de Leirado, Fiolledo, Soutolobre, Corzáns, Oleiros e Meder, na bacía do río Mendo
- O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, financiará o 80 % da actuación, achegando 1,8 M€, e o Concello porá o investimento restante, é dicir, 200.000 €
- Unha vez asinado o convenio, a Xunta procederá á licitación das obras para que poidan estar en execución no segundo semestre de 2024
- Construirase unha depuradora de augas residuais no río Mendo, deseñada para un caudal de 118,08 m³/h en horario punta que dará servizo a 2.310 habitantes no ano horizonte 2040
- Tamén se executará un colector de conexión á rede de Oleiros co fin de facer chegar á nova depuradora as augas residuais recollidas, así como os pozos de bombeos e impulsións necesarias
- A Xunta segue prestando apoio técnico e financeiro aos municipios para que poidan exercer de xeito eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Salvaterra de Miño para mellorar o sistema de saneamento municipal coa execución dunha depuradora e a conclusión da rede de colectores na bacía do río Mendo, que suporán un investimento de 2 M€.

O obxectivo é rematar o saneamento integral das parroquias de Leirado, Fiolledo, Soutolobre, Corzáns, Oleiros e Meder, na bacía do río Mendo, completando a rede de colectores e construíndo unha nova depuradora de augas residuais.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, financiará o 80 % da actuación, achegando 1,8 M€, e o Concello porá o investimento restante, é dicir, 200.000 €.

As actuacións serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política común de España 2023-2027 (PEPAC) en Galicia.

No que se refire ás obrigas, a Xunta realizará a tramitación e a execución das obras, que terán un prazo de 18 meses.

Unha vez asinado o citado convenio, procederase á licitación das obras para que poidan estar en execución no segundo semestre de 2024.

Actuacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras previstas inclúen a construción dunha depuradora no río Mendo, deseñada para un caudal horario punta de 118,08 m³/h que dará servizo aos 2.310 habitantes esperados no ano horizonte 2040.

Tamén se executará un colector de conexión á rede de Oleiros co fin de facer chegar á nova depuradora as augas residuais recollidas no citado núcleo.

O proxecto abrangue os correspondentes pozos de bombeo, así como as impulsións de entrada e saída de depuradora.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, continua prestando apoio técnico e financeiro aos municipios para que poidan exercer de xeito eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento, proporcionando uns servizos de calidade aos cidadáns.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA DE XERACIÓN DE HIDRÓXENO VERDE EN ARTEIXO

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación aproba a declaración deste proxecto que conta cun investimento de 49,3 M€
- A planta contará cun electrolizador de catro módulos de 5 MW cada un que terá unha capacidade produtiva efectiva media de 2.982 toneladas de hidróxeno verde ao ano
- Esta declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, coa que a Xunta busca afianzar a comunidade galega como unha terra de oportunidades, potenciando a captación de investimentos e a creación de emprego de calidade
- Con este xa son 23 os proxectos declarados como iniciativas empresarias prioritarias en Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como iniciativa empresarial prioritaria do proxecto Arteixo H2V promovido pola sociedade Accionaplug -promovida por Acciona Enerxía e Plug Power- para a construción dunha planta de xeración de hidróxeno verde no concello de Arteixo cun investimento de 49,3 M€.

A planta, que se situará no polígono de Morás, contará cun electrolizador de catro módulos de 5 MW cada un cunha capacidade produtiva efectiva media de 2.982 toneladas de hidróxeno verde ao ano. Para a súa produción utilizarse enerxía eléctrica de orixe totalmente renovable xerada no parque eólico Monteagudo -de nova construción-complementado con enerxía provinte da propia rede eléctrica a través dun acordo de compra de enerxía (PPA).

As instalacións contarán con espazos para produción, almacenaxe, compresión e dispensado de hidróxeno, subestación eléctrica e liña de conexión entre a subestación da planta e a de Morás.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 49,3 M€) e de creación de emprego mínimo -está fixado en 25 postos de traballo directo, exactamente os que contempla o proxecto-; ademais complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos.

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade. Neste caso, ademais, contribuirá a fixar poboación no rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito xa son 23 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Kern Pharma (Monforte de Lemos), Queserías Entrepinares (Vilalba) Granja Campomayor (Palas de Rei), a planta de Universal H2 (As Pontes), a planta biotecnolóxica In Proteins for All en Curtis; o centro de Borgwarner en Nigrán; e agora esta planta en Arteixo.

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

A partir do ano 2024, na estratexia da Xunta de Galicia dirixida á atracción de investimentos industriais e ao avance na redución de burocracia, a Xunta incorporará novidades na tramitación de proxectos industriais, como o novo plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, no que poden incluírse os proxectos que superen os 800.000 euros e teñan a incidencia no tecido industrial, ou a extensión da figura dos Proxectos Industriais Estratéxicos a proxectos de menor envergadura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA A POSTA EN MARCHA DO 'PLAN ITRANSFER DE APOIO Á INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA', DOTADO CON 104 M€ EN 2024 PARA REFORZAR O TALENTO CIENTÍFICO E AS SÚAS INFRAESTRUTURAS

- O obxectivo é impulsar a investigación en excelencia e promover que os avances xerados deriven en solucións efectivas ante os retos de futuro
- Ao abeiro deste, o Consello da Xunta aproba tres novas convocatorias das oito previstas de axudas a persoal, grupos e centros de investigación que suman 47,9M€
- Convócanse 102 bolsas predoutorais para contratos de catro anos, dotados con ata 30.000 euros/ano e ata 6.000 € para os tres meses de estadía no estranxeiro
- Refórzanse os contratos posdoutorais, que pasan a ser de seis anos de duración co fin de facilitar a estabilización dos investigadores, e duplícase o orzamento deste programa ata acadar os 15M€
- Destínanse 21M€, un 22% máis, a financiar a actividade investigadora dos grupos científicos máis competitivos do sistema galego de I+D+i

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe a posta en marcha do Plan iTransfer de Promoción da Investigación e da Transferencia do Sistema Universitario de Galicia, que está dotado con 104 millóns de euros no 2024, "un 16 % máis que o destinado este ano a este tipo de actuacións, e que xa foi un esforzo considerable", puxo en valor.

Tras a probación deste plan no Consello da Xunta, Rueda explicou que esta partida servirá para o desenvolvemento de accións estruturadas en tres eixes que son o reforzo do talento científico, o funcionamento das estruturas de investigación e a mellora de equipamento e persoal de apoio.

O obxectivo deste plan, elaborado pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, é impulsar a investigación en excelencia feita en Galicia e promover que os avances xerados polo persoal investigador se convertan en solucións efectivas aos retos de futuro. Precisamente, Rueda lembrou que as universidades públicas representan o maior ecosistema de investigación e transferencia de coñecemento da comunidade autónoma, con preto de 7.700 investigadores.

No primeiro eixe do plan, o de talento e promoción da carreira investigadora, inclúense os programas de apoio predoutoral e posdoutoral así como as axudas á contratación de científicos dos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Grants do Consello Europeo de Investigación (ERC). No eixe de estruturas de investigación inclúense os programas de apoio á consolidación e estruturación dos grupos científicos máis punteiros, a acreditación de excelencia para os centros de investigación e a especialización e acreditación dos campus. O terceiro eixe, de equipamento e persoal de apoio, abrangue o Plan reforza de contratación de tecnólogos e convenios para infraestruturas e accións estratéxicas de I+D+i coas tres universidades públicas galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

60M€ en convocatorias competitivas, un 47% máis

No que atinxe ao ámbito de axudas a persoal, a grupos e centros de investigación, o mandatario galego salientou o feito de que o Plan iTransfer recolle oito convocatorias competitivas que suman “máis de 60M€, o que supón case un 50 % destinado a este mesmo fin no presente exercicio”.

Precisamente, Rueda explicou que tamén se deu o visto e prace a tres novas convocatorias das oito previstas. Trátase das axudas predoutorais e posdoutorais e de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas, que suman un total de 47,9M€, e engádense á xa aprobada de contratos posdoutorais de continuidade e á acreditación de centros de investigación.

Polo tanto, coa aprobación hoxe polo Consello da Xunta, son xa cinco as convocatorias en marcha, mentres que no que respecta ás tres restantes (axudas Ramón y Cajal, axudas Juan de la Cierva e programas Grants do Consello Europeo de Investigación), xestionaranse en canto se dispoñan dos datos dos investigadores/as captados nestas programas.

Apoio á etapa predoutoral

O Goberno galego aproba a convocatoria conxunta das consellerías de Cultura, Educación, FP e Universidades e de Economía, Industria e Innovación do programa de axudas predoutorais 2024 cunha dotación de 11.893.200 € para a contratación de 102 investigadores por un período de catro anos no Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i. A finalidade deste programa, que se vén desenvolvendo desde o ano 2012, é a formación do persoal nas súas etapas iniciais para que, mediante procesos formativos estables, adquiren as habilidades propias do persoal investigador.

Trátase de contratos de catro anos de duración que inclúen estadías de tres meses no estranxeiro. As persoas que resulten seleccionadas recibirán unha contía de 24.000 euros anuais durante os primeiros tres anos. O cuarto ano, recibirán 29.000 ou 30.000 euros en función de se len ou non a tese antes. A maiores, hai que engadir un complemento de estadía no estranxeiro que pode acadar os 6.000 euros de máximo, xa que varía en función da zona de destino.

Apoio formación posdoutoral

O Consello da Xunta tamén vén de lanzar a convocatoria de axudas á etapa posdoutoral, dotada con 14.966.500 euros (o dobre da contía actual) para 43 contratos, e cun novo enfoque estrutural enfocado a impulsar unha maior estabilización do persoal investigador.

Ata o de agora a etapa posdoutoral estaba estruturada en dúas convocatorias (unha de formación inicial de tres anos e outra de continuidade de dous anos) e agora, o persoal investigador que inicie a etapa posdoutoral en 2024 accederá a unha convocatoria única

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de seis anos de duración divida en dúas fases de tres anos cada unha cunha avaliación intermedia para pasar dunha fase á outra.

Durante os primeiros tres anos do contrato, os beneficiarios recibirán unha bolsa de 32.000 euros/ano en concepto de salario e custos sociais. A maiores, recibirán un complemento por cada mes de estadía no estranxeiro segundo a zona de destino e se teñen a condición de bolseiro Fulbright.

Durante a segunda fase da estadía (os seguintes tres anos tras superar a avaliación intermedia), os beneficiarios recibirán 49.000 euros ao ano durante todo o período, dos cales 38.000 euros son en concepto de salario e custos sociais e o resto son complementos para o establecemento dunha liña propia de investigación.

A convocatoria inclúe, ademais, un compromiso por parte das entidades do Sistema universitario de Galicia que acollan contratados ao abeiro desta de crear, tras a finalización do contrato, postos de traballo permanente vinculados a necesidades docentes ou investigadoras.

Axudas á consolidación dos grupos de investigación máis competitivos

Rueda tamén de conta da terceira das convocatorias aprobada hoxe que vai dirixida aos grupos de "excelencia investigadora" do sistema de I+D+i para o ano 2024, por un importe de 21.085.000 euros, un 21,7 % máis con respecto aos 17,3M€ do presente exercicio e que supón, segundo admitiu, un "coidado e atención especial" para este colectivo.

A orde conxunta das consellerías de Cultura, Educación, FP e Universidades e de Economía, Industria e Innovación está dirixida ás tres universidades públicas galegas, aos organismos públicos de investigación en Galicia, ás fundacións galegas de investigación sanitaria e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia.

O obxectivo desta liña de axudas é asegurar un financiamento estrutural e continuado, condicionado a criterios de calidade, que garanta un financiamento basal dos grupos científicos máis excelentes do sistema galego de investigación que lles permita desenvolver o seu labor de xeito estable e cunha liberdade de acción suficiente para reorientalo, de ser o caso. Trátase, por tanto, dunha acción que permitirá seguir dotando o sistema investigador de estabilidade e impulsando a súa excelencia.

Ao igual que nas convocatorias anteriores, a orde inclúe o apoio a grupos de referencia competitiva (modalidade A), a grupos de potencial crecemento (modalidade B) e a proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente (modalidade C). Ademais, mantense o criterio de ter en consideración o liderado e a importancia e o papel desempeñado polas mulleres nas propostas presentadas, co fin de contribuír a reducir o desequilibrio entre mulleres e homes dedicados á investigación no sistema galego de I+D+i.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas das tres modalidades poderán destinarse ao custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación, ferramentas de xestión do coñecemento e a información (aplicacións, licenzas e programas informáticos, bases de datos etc. pequeno equipamento inventariable e material funxible, material bibliográfico e custos de matrículas e inscrición en cursos, congresos e seminarios e estadias, entre outros.

Tamén serán conceptos subvencionables a contratación de investigadores visitantes, a organización de actividades de difusión, a publicación dos resultados da investigación en aberto (sempre e cando sexan como consecuencia da actividade do grupo), a consultoría e asesoramento externo, os gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría e os custos indirectos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 5,5M€ NA AMPLIACIÓN DO INSTITUTO IES AQUIS CELENIS DE CALDAS DE REIS, QUE INCLUIRÁ IMPORTANTES MELLORAS ENERXÉTICAS

- A obra, que ten un orzamento máis de 2M€ superior ao previsto e dá resposta ás necesidades de escolarización da comarca, licitarase antes de que remate 2023
- Entre as novidades, o proxecto inclúe a renovación completa de fiestras, luminarias e o illamento de todo o edificio mediante sistema SATE
- Renovarase o sistema de calefacción, que será combinada entre xeotermia e pellets
- Tamén se instalarán paneis fotovoltaicos e instalaranse prazas de aparcadoiro con recarga de vehículos eléctricos
- O instituto ampliarase verticalmente, gañando unha altura, coa conseguinte renovación da cuberta, e tamén se redistribuirá o edificio existente
- A maiores, ampliarase o centro polo lateral para crear un novo ximnasio e un soportal cuberto

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á licitación, por anticipado de gasto neste mesmo 2023, da obra de ampliación do Instituto IES Aquis Celenis (Caldas de Reis). A obra conta cun orzamento de 5.524.064,91€, dividido en dúas anualidades, máis de 2M€ máis do inicialmente previsto. O obxectivo desta actuación é mellorar o día a día de profesorado e alumnado deste centro, dando resposta ás necesidades de escolarización deste concello pontevedrés.

O edificio actual do instituto ten unha antigüidade duns 35 anos, con carencias de espazo, dado o incremento da matrícula de bacharelato, pois este centro serve o alumnado de Barro, Cuntis, Moraña, Portas, así como da propia Caldas de Reis. Ademais, parte das instalacións do centro deben ser modernizadas. Deste xeito, o proxecto de intervención inclúe melloras tanto no relativo á ampliación dos espazos como de acondicionamento e mellora do edificio.

No referido á ampliación, realizarase en vertical, engadindo unha nova altura ao edificio, con 2.400m² e o conseguinte cambio de cuberta, que será de panel sándwich. O obxectivo é crear novas aulas para ESO e bacharelato e adaptar o centro ás recomendacións de espazos flexibles e polivalentes do Plan de nova arquitectura pedagóxica, a folla de ruta da Xunta para a modernización dos centros educativos. A maiores, ampliarase o centro polo lateral para crear un novo ximnasio e un soportal cuberto.

Listo para o curso 2025/26

A obra licitarase antes de que remate o ano. A previsión inicial é rematar a licitación no mes de abril e comezar os traballos en xuño, co fin de que poidan estar listas para o curso 2025/26.

No edificio actual acometerase unha redistribución parcial das plantas existentes para adaptalo ao dito plan. Entre as principais novidades do proxecto está a mellora

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enerxética deste edificio, co seu illamento completo mediante sistema SATE, a renovación total de fiestras (270 unidades e 636 m²) por unhas novas de aluminio con rotura de ponte térmica, así como o cambio da totalidade das luminarias, instalándoas de tipo LED (787 unidades).

Ademais, entre outras intervencións, mellorarase as instalacións de electricidade, protección contra incendios, de ventilación e o sistema de calefacción. No novo andar instalarase un sistema de xeotermia, mediante unha bomba de calor e pozos xeotérmicos, mentres que para o resto se cambiará a caldeira de gasóleo por unha de pellets.

Xa no exterior, instalaranse paneis fotovoltaicos na cuberta do bloque norte e ampliarase o aparcamento, incluíndo tanto prazas accesibles para persoas con problemas de mobilidade como outras con recarga de vehículos eléctricos.

Plan de nova arquitectura pedagóxica

A actuación enmárcase no Plan de nova arquitectura pedagóxica, a folia de ruta da Xunta para renovar os 1.600 edificios que forman os máis de 1.000 centros educativos galegos e adaptalos ás necesidades do ensino do século XXI, ao tempo que se mellora a súa eficiencia enerxética e o confort da comunidade escolar. Trátase dun esforzo sen precedentes en materia de obras educativas, cun investimento de máis de 300M€ ata 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA 33 BOLSAS PARA MELLORAR A EMPREGABILIDADE DE NOVOS PROFESIONAIS DE BIBLIOTECAS

- O Consello da Xunta autoriza un investimento de case 500.000 euros para estadias nos centros de xestión autonómica ata 2025 con máis de 2.000 horas formativas
- O Goberno autonómico facilita a formación e mellora continua dos profesionais da cultura en todas as súas vertentes a través do Plan Xeración Cultura

O Consello da Xunta deu luz verde á orde pola que se autoriza un investimento de preto de 500.000 euros para a convocatoria de 33 bolsas formativas que facilitarán a formación e posibilidades de inserción laboral no ámbito da biblioteconomía. Trátase dunha medida que se enmarca no compromiso do Goberno autonómica por facilitar a mellora continua e formación dos profesionais da cultura en todas as súas vertentes.

As bolsas están dirixidas ás persoas que posúan unha titulación universitaria de grao en Biblioteconomía e Documentación, Información e Documentación, Historia, Historia da Arte, Filoloxía, Lingua e Literatura, Ciencias da Cultura e Difusión Cultural ou Humanidades.

Realizarán a formación na Biblioteca de Galicia, situada na Cidade da Cultura, a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, a Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, a Biblioteca Pública de Lugo, a Biblioteca Pública de Ourense Nós, a Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, a Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel e a Biblioteca Municipal de Ferrol.

Estas bolsas -que se outorgarán en réxime de concorrencia competitiva e se estenderán ata 2025, cun total de 2.065 horas formativas- permitirán que os beneficiarios se formen no uso e tratamento dos fondos bibliográficos, a atención aos usuarios e a planificación, xestión e execución dos distintos servizos. Contarán cunha parte teórica e outra práctica que será titorizada por persoal técnico bibliotecario baixo a coordinación da Consellería de Cultura, Educación FP e Universidade. Correspóndelle á dirección de cada biblioteca, dentro da súa competencia, establecer as rotacións entre áreas, así como os horarios formativos, que lle deberán ser comunicados á persoa bolseira.

Esta convocatoria contará cun investimento total de 463.757 euros e a dotación de cada bolsa é de 940 euros mensuais cunha duración máxima de catorce meses, o que supón unha contía máxima individual de 13.160 euros. Nesta edición, como novidade, os beneficiarios poderán gozar dun descanso de 10 días.

Plan Xeración Cultura

As bolsas de formación en biblioteconomía, que teñen como finalidade que os bolseiros adquiren formación nas diversas áreas de traballo e servizos propios destes centros e que os bolseiros estean en contacto diario e directo cos problemas e demandas reais dunha biblioteca, enmárcanse no Plan Xeración Cultura, a folla de ruta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para reforzar e mellorar o sector cultural galego. Concretamente, encádranse nos programas de formación e capacitación dos xestores culturais.

Co Plan Xeración Cultura, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades quere garantir o acceso universal á cultura, apoiar o desenvolvemento das industrias creativas e culturais, especialmente nos ámbitos da innovación e dixitalización, así como mellorar as infraestruturas culturais e do legado material e inmaterial. O plan busca tamén promover a creatividade e diversidade cultural en todas as súas facetas, incentivar a formación dos profesionais do sector e actualizar e adaptar o marco normativo da cultura aos novos tempos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 4,3 MILLÓNS DE EUROS PARA DAR CONTINUIDADE AO PROGRAMA ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR ATA O ANO 2028

- O Consello aprobou hoxe a convocatoria do concerto social para o desenvolvemento desta iniciativa que na actualidade se leva a cabo nas comarcas do Salnés e Barbanza
- Trabállase con familias en que hai un risco de desprotección dun menor co obxectivo de reverter a situación

A Xunta de Galicia investirá 4,3 millóns de euros entre os anos 2024 e 2028 no programa Espazos de Preservación Familiar, centrado no traballo con familias en que hai un risco de desprotección dun menor de carácter leve ou moderado. O Consello aprobou hoxe tramitar a convocatoria de concerto social para dar continuidade ao desenvolvemento desta iniciativa que na actualidade se leva a cabo nas comarcas do Salnés e Barbanza.

Ata agora este programa estívoise realizando a través de convenios de colaboración coa Asociación Arela e a Fundación Meniños, e co concerto social dáselle máis estabilidade e garántese un mellor seguimento e coordinación del. O obxectivo dos Espazos de Preservación Familiar é reconducir a dinámica dos fogares antes de que a situación na que está o menor sexa máis grave e evitar así a adopción dunha medida de protección.

A través desta proposta, ofrécese un apoio integral aos menores e trabállase tamén coas familias, facilitándolles servizos de atención temperá, apoio socioeducativo, intervención psicosocial e terapéutica, orientación para a inserción laboral e educación familiar.

En vindeiras datas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* as condicións desta convocatoria de concerto social, que estará dirixida ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR 25,4M€ A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE INCONTINENCIA URINARIA DESTINADO AOS CENTROS DO SERGAS PARA OS VINDEIROS TRES ANOS

No marco do desenvolvemento da Estratexia de Economía Circular do Sergas, esta contratación incorpora como criterio de adxudicación a acreditación da pegada de carbono de produto

O Consello da Xunta autorizou o expediente da subministración sucesiva de material de incontinencia urinaria, por un importe de licitación de 25,4 M€ para os próximos tres anos, con destino a centros asistenciais do Sergas e á maioría das residencias sociosanitarias de Galicia.

No marco do desenvolvemento da Estratexia de Economía Circular do Sergas presentada o pasado mes de setembro, cómpre remarcar como novidade nesta contratación, a incorporación como criterio de adxudicación da acreditación da pegada de carbono de produto. Preténdese así que as empresas introduzan medidas que reduzan a contaminación e, deste xeito, colaborar na creación dun futuro máis sostible.

Entre os produtos para tratar a incontinencia, o departamento sanitario galego dispón de:

-Cueiros (absorbentes), que poden ser adquiridos por pacientes ambulatorios como prestación farmacéutica a través de receita médica ou dispensados directamente polo Servizo Galego de Saúde. Tamén hai un volume de compra nos centros hospitalarios para pacientes ingresados. Ademais, o Sergas asume en gran medida a subministración directa de cueiros a pacientes ambulatorios que se atopan en residencias socio-sanitarias.

-Tamén dispón de empapadores destinados a ser dispensados directamente polo Sergas aos hospitais da rede sanitaria pública galega para o coidado dos pacientes ingresados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SEGUIRÁ A APOIAR CON 330.000 EUROS EN 2024 ÁS ORGANIZACIÓNS REPRESENTATIVAS DA ECONOMÍA SOCIAL

- O Consello autorizou hoxe a orde de axudas para seguir a reforzar o modelo da economía social, unha fórmula en crecemento en Galicia
- Os apoios permitirán sufragar os gastos de funcionamento de entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego para o seu fornecemento e consolidación
- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade reforza o vindeiro exercicio o seu impulso á economía social incrementando o orzamento a este fin nun 3 %, ata superar os 43 millóns de euros

A Xunta de Galicia seguirá a impulsar en 2024 o modelo da economía social en Galicia e apoiará con 330.000 euros ás asociacións que representan estas fórmulas na comunidade. A través da orde hoxe aprobada polo Consello, artellaranse achegas para que estas organizacións -que representan cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción- poidan facer fronte aos seus gastos de funcionamento.

A través desta iniciativa a Xunta quere facer efectiva a promoción das organizacións representativas das entidades que forman parte da economía social.

O programa que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a principios de ano conta con dúas liñas de financiamento. A primeira, dotada con 230.000 euros, vai dirixida ao fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, apoiándose parcialmente (ata o 90 %) os seus gastos de funcionamento.

A segunda, con 100.00 euros, está destinada ás asociacións de centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, apoiándose parcialmente (ata o 90 %) os seus gastos.

O programa autonómico vense convocando desde o ano 2018. Esta experiencia referenda a súa utilidade e efectividade no reforzo do funcionamento das entidades representativas do sector da economía social. A través delas Galicia contribúe ao fomento da súa participación aos distintos niveis económicos e sociais e a visibilizar e promover a economía social como motor de crecemento económico sustentable, que crea emprego de calidade, inclusivo, integrador e vencellado co territorio.

En 2024, a economía social seguirá a ser un dos grandes eixos de actuación da Xunta de Galicia e, nomeadamente, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Este departamento ten orzados para o ano 2024 máis de 43 millóns de euros (un 3 % máis que o ano pasado) en beneficio deste modelo de negocio. Entre outras medidas, destinaranse 27 millóns a apoiar os centros especiais de emprego e seguirase a impulsar a creación e o mantemento do emprego en empresas de inserción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Seguirase a apostar pola formación dual destinada ás persoas con discapacidade intelectual e problemas de saúde mental, así como a promover a creación e consolidación de empresas e emprego na economía social (10,6 millóns de euros).

O Goberno galego quere seguir a propulsar e visibilizar estas fórmulas a través do apoio hoxe aprobado en Consello para as asociacións, e tamén co artellado para as entidades integrantes da Rede Eusumo co obxectivo de divulgar, formar, asesorar e favorecer o emprendemento na economía social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 19,5 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS NOS 313 CONCELLOS DE GALICIA

- A finalidade destas achegas é facilitar a ampliación, mellora ou mantemento das vías municipais de acceso a parcelas agrícolas, incluíndo actuacións que supoñan un incremento da largura da vía, o reforzo do firme e terrapléns ou a limpeza das marxes
- O orzamento incrementouse máis dun 8 % con respecto ao ano pasado, distribuído en dúas anualidades diferentes para 2024 e 2025
- A implementación de infraestruturas como estas favorecen a cohesión social e territorial mellorando as condicións de vida e traballo no medio rural
- Durante o período 2016-2023 concedéronse 121 millóns de euros, que se traducen en 5.459 camiños e 4.284 quilómetros de vías ao abeiro desta liña

O Consello da Xunta avaliou hoxe a resolución pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020. A finalidade destas achegas é facilitar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, incluíndo actuacións que supoñan un incremento da largura da vía, o reforzo do firme e terrapléns ou a limpeza das marxes.

Esta liña de achegas conta cun orzamento de case 19,5 millóns de euros -un 8 % máis que o ano pasado- distribuído en dúas anualidades, 9,5 millóns para 2024 e 9,99 millóns para 2025. Este crédito está cofinanciado polos fondos Feader nun 75 %; nun 7,5 % por fondos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e nun 17,5% por fondos propios da Xunta de Galicia.

Poden ser beneficiarios destas axudas todos os concellos de Galicia que cumpran dous requisitos principais. Deberán ter remitidas ao Consello de Contas as contas do último exercicio orzamentario antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude e estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á débeda coa Administración pública de Galicia.

Son subvencionables aquelas actuacións de ampliación -é dicir, que supoñen un incremento da largura que incide na mellora da seguranza viaria ou permitan o cruzamento de vehículos ou alargamentos necesarios en zona de curvas-, de mellora -un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado-, e mantemento -tanto do firme existente como das súas marxes.

A implementación de infraestruturas coma estas favorecen a cohesión social e territorial mellorando as condicións de vida e traballo no medio rural. Así, os camiños rurais facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio, reforzan o tecido social e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contribúen a mellorar a capacidade organizativa das áreas rurais, dinamizan o tecido produtivo e fixan poboación.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural convoca anualmente estas axudas de xeito ininterrompido desde o ano 2013. Neste sentido, durante o período 2016-2023 concedéronse 121 millóns de euros para o Plan Marco, que se traducen en 5.459 camiños e 4.284 quilómetros de vías rurais melloradas. Na última convocatoria (2023-2024) destináronse 18 millóns de euros a 629 actuacións para a mellora de 461 quilómetros da rede de camiños rurais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ PRETO DE 540 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO EN XANEIRO DE 2024

- Destas prazas, 487 serán de acceso libre e poderán acceder todas aquelas persoas que cumpran cos requisitos establecidos en cada convocatoria
- Entre 2020 e 2023 preto de 2.500 novos empregados e empregadas públicas entraron a traballar na Administración galega

A Xunta de Galicia convocará 536 prazas de emprego público en xaneiro do vindeiro ano 2024 segundo se desprende dun informe sobre procesos selectivos no ámbito da Función Pública presentado hoxe no Consello do Goberno galego polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

En total serán 23 procesos para cubrir 487 prazas de acceso libre ás que poderán acceder todas aquelas persoas que cumpran cos requisitos establecidos en cada unha das convocatorias; e outros 10 procesos para cubrir outras 49 prazas de promoción interna destinadas a empregados e empregadas públicas que xa teñen un posto fixo na Administración.

En canto ás prazas de acceso libre, a previsión é convocar 17 prazas na escala superior de finanzas (A1); 18 prazas na escala técnica de finanzas (A2); 93 na escala de veterinarios/as (A1); 14 prazas na especialidade de bioloxía (A1); 29 na especialidade de medicina (A1); dúas prazas na escala de subinspección urbanística (A2); 42 na especialidade de enfermaría (A2); 12 prazas na escala auxiliar de laboratorio (C2); 83 na de persoal de servizos xerais (C2); 21 na escala de educadores (A2); 124 prazas na escala técnica en xardín de infancia (C1); e 13 prazas na escala de xerocultor (C2). A maiores, convocaranse 19 prazas na agrupación de persoal subalterno (AP) reservadas para persoas con discapacidade intelectual.

No que se refire ás prazas de promoción interna, convocaranse 8 prazas na escala de sistemas e tecnoloxía da información (A1); 8 prazas para a escala superior de finanzas (A1); dúas na escala de inspectores de consumo (A2); 10 prazas na especialidade de enxeñaría agronómica (A1); outras 10 na especialidade de enxeñaría de montes (A1); dúas na especialidade de enxeñaría industrial (A1); dúas na especialidade de enxeñaría de minas (A1); tres prazas na especialidade de enxeñaría técnica de obras públicas (A2); dúas na de enxeñaría técnica agrícola (A2); e outras dúas prazas na especialidade de enxeñaría técnica forestal (A2).

Preto de 2.500 novos empregos desde 2020

O informe tamén recolle un balance dos procesos selectivos realizados no período 2020-2023. Neste marco, preto de 2500 persoas se incorporaron a traballar na Xunta de Galicia e máis de 800 empregados e empregadas públicas lograron unha promoción profesional a través dos procesos de promoción interna destinados a aquelas persoas que xa contan cunha praza fixa na Administración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONVOCARÁ EN 2024 CASE 1.750 PRAZAS EN OPOSICIÓN PARA O ENSINO PÚBLICO

- Destaca que se trata “da maior oferta dos últimos cinco anos” e que o 86% dos postos serán de novo ingreso
- Explica que haberá 1.512 prazas distribuídas en corpos de mestres (520), profesores de ensino secundario (875), profesores especialistas en sectores singulares da FP (84) e docentes de escolas oficiais de idiomas (33)
- Salienta que, grazas a este proceso, Galicia vai consolidarse “como a comunidade coa interinidade docente máis baixa de España”
- Con esta convocatoria “serán máis de 18.500 as prazas convocadas desde 2009”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou hoxe que a Xunta convocará en 2024 un total de 1.743 prazas en oposicións para o ensino público, das que o 86% serán de novo ingreso. “É a maior oferta de prazas para profesorado dos últimos cinco anos”, destacou o titular do Goberno autonómico.

Deste xeito, tal e como recolle un informe hoxe avaliado no Consello, Galicia retoma os procesos ordinarios de oferta de emprego público, no marco da aposta da Xunta polos docentes. Trátase, ademais, dunha aposta pola calidade do sistema de ensino público galego, que redonda tamén nunha mellor atención ao alumnado.

Rueda salientou que, con esta nova convocatoria, Galicia vai consolidarse como a “comunidade coa interinidade docente máis baixa de España”. Isto permitirá ao sistema educativo galego seguir nunha posición vantaxosa fronte unha media de España do 25 %.

Ratifica, ademais, o apoio do Goberno galego á estabilidade docente. Non en balde, con esta nova oferta elévanse “a máis de 18.500 as prazas convocadas desde 2009 no ensino público, máis de 9.500 nesta lexislatura”, segundo explicou o presidente. A esta política activa de emprego público súmase o acordo histórico asinado con tres das catro organizacións sindicais da Mesa Sectorial para a mellora das condicións laborais dos docentes e do ensino en xeral, ratificado no pasado Consello da Xunta.

Probos en xuño

Rueda indicou que as 1.512 prazas de novo ingreso da convocatoria de 2024 serán para mestres (520 prazas), para profesores de ensino secundario (875), de escolas oficiais de idiomas (33), e do novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares da FP (84). As restantes 231 prazas irán dirixidas a que funcionarios docentes poidan acceder ao corpo de profesores de ensino secundario (220 prazas) ou ao de inspectores de educación (11 prazas).

Nas vindeiras semanas levarase a oferta á Mesa Sectorial para concretar as especialidades, de cara á publicación da convocatoria. Como é habitual, as probas comezarán a finais do mes de xuño de 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE NAS VINDEIRAS SEMANAS SE INCORPORARÁN 72 NOVOS MÉDICOS DE FAMILIA CON PRAZA FIXA A CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

- Destaca que o obxectivo é cubrir postos de “difícil cobertura” que levan “moito tempo vacantes”
- Trátase de facultativos que accederán a praza a través dun proceso de concurso
- O *Diario Oficial de Galicia* publica mañá a relación de aspirantes seleccionados e as súas puntuacións para proceder de inmediato á elección de prazas de difícil cobertura
- Salienta que, grazas a este proceso, “Galicia é a única comunidade que posibilita a un especialista médico obter un posto fixo no mesmo ano no que finaliza a súa formación MIR”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que nas vindeiras semanas vanse incorporar 72 novos médicos de atención primaria a postos de difícil cobertura a través do sistema de concurso que lles permite ter acceso á condición de persoal estatutario fixo sen necesidade de realizar un exame. De feito, mañá sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* a resolución do tribunal do proceso selectivo coa relación de persoas aspirantes definitivamente seleccionadas e as súas puntuacións para proceder de inmediato á elección de prazas de difícil cobertura.

E, a partir do luns, ábrese o período de elección de praza de forma telemática entre os postos de difícil cobertura das distintas áreas sanitarias (23 prazas na área de Ourense, Verín e O Barco; 15 en Santiago de Compostela e A Barbanza; 11 en Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; 8 en Ferrol, 7 en Vigo; 5 na área de Pontevedra e O Salnés e 3 na de Coruña e Cee).

O obxectivo é seguir traballando para paliar o déficit de profesionais que hai nalgúns especialidades e cubrir “prazas de difícil cobertura que levaban moito tempo vacantes”, indicou o presidente.

Ademais, tal e como lembrou Rueda, o persoal MIR da especialidade de médico de familia que terminou nos meses de maio puido optar a estas prazas. Dos 72 seleccionados a través deste proceso selectivo, tres deles son residentes que acabaron a súa formación hai só uns meses. “Galicia é a única comunidade que posibilita a un médico obter un posto fixo no mesmo ano en que finaliza a súa formación MIR”, salientou Rueda.

Co fin de axilizar a adxudicación de prazas, todos os aspirantes (incluídos os que non teñen a condición de seleccionados) poderán elixir as prazas da súa preferencia nun acto de elección telemático, para que no suposto de quedar prazas sen adxudicar entre os/as aspirantes seleccionados/as, se poida realizar a selección dun novo aspirante pola orde de prelación que resulte da lista definitiva entre aqueles/as aspirantes que teñan elixido os destinos non adxudicados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia segue a dar, pois, resposta á necesidade de minimizar o déficit de persoal en atención primaria, namentres o Goberno central non reforma a lexislación do Estatuto Marco de persoal estatutario dos servizos de saúde, tal e como acordou por unanimidade o Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde en abril de 2018.

A través da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario do Sergas, a sanidade pública galega contará con 178 novos médicos de familia con praza en propiedade en postos de difícil cobertura e que terán atención ordinaria en centros de saúde e dúas gardas ao mes nos puntos de atención continuada (PAC) de referencia, cun compromiso mínimo de permanecer nese posto durante dous anos. A estes 72 que se incorporarán proximamente -oito deles non traballaban ata agora na sanidade pública galega- hai que engadir os 106 postos que se convocaron por concurso no 2022.

Novas prazas por concurso-oposición

Ademais, a Consellería de Sanidade ampliará en próximas datas o prazo de convocatoria do concurso-oposición de médico de familia para incluír as prazas da oferta de emprego público de 2023 aprobada o pasado mes polo Consello da Xunta. Polo tanto, ás 150 prazas xa convocadas, sumaranse 121, facendo un total de 271 prazas ofertadas polo sistema de concurso-oposición nesta categoría.

A Xunta continuará a materializar o seu compromiso de estabilización de emprego e desenvolverá os exames desta convocatoria no primeiro cuadrimestre do ano 2024.